



Como debuxar un **gráfico de liña e columna**, con **dúas escalas** diferentes no **eixo Y** coa folla de cálculo de Libre Office, Calc. (LibreOffice 6.0.3.2)

Seleccionamos os datos,



|    | A        | B             | C                    | D | E | F | G | H | I | J | K | L |
|----|----------|---------------|----------------------|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1  |          | Chuvia/(L/m²) | tª media mensual /°C |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 2  | Xaneiro  | 72,9          | 7,7                  |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 3  | Febreiro | 226,7         | 9,9                  |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 4  | marzo    | 171,5         | 10,9                 |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 5  | Abril    | 27,6          | 14                   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 6  | Maiο     | 212,2         | 16,3                 |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 7  | Xuño     | 38,6          | 18,6                 |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 8  | Xullo    | 8,8           | 19,1                 |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 9  | Agosto   | 24,9          | 19,4                 |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 10 | Setembro | 33,9          | 16,2                 |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 11 | Outubro  | 52,2          | 16,5                 |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 12 | Novembro | 100,7         | 10,4                 |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 13 | Decembro | 243,9         | 8,7                  |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 14 |          |               |                      |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 15 |          |               |                      |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 16 |          |               |                      |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 17 |          |               |                      |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| 18 |          |               |                      |   |   |   |   |   |   |   |   |   |

No menú de Insertar escollemos Diagrama,




E se mostra o asistente de diagrama, onde seleccionamos a opción de “Línea y columna”

|    | A        | B                          | C                    |
|----|----------|----------------------------|----------------------|
| 1  |          | Chuvia/(L/m <sup>2</sup> ) | tª media mensual /°C |
| 2  | Xaneiro  | 72,9                       | 7,7                  |
| 3  | Febreiro | 226,7                      | 9,9                  |
| 4  | marzo    | 171,5                      | 10,9                 |
| 5  | Abril    | 27,6                       | 14                   |
| 6  | Maio     | 212,2                      | 16,3                 |
| 7  | Xuño     | 38,6                       | 18,6                 |
| 8  | Xullo    | 8,8                        | 19,1                 |
| 9  | Agosto   | 24,9                       | 19,4                 |
| 10 | Setembro | 33,9                       | 16,2                 |
| 11 | Outubro  | 52,2                       | 16,5                 |
| 12 | Novembro | 100,7                      | 10,4                 |
| 13 | Decembro | 243,9                      | 8,7                  |

continuamos en “Seguiente” tódolos pasos do asistente hasta finalizar (no último paso podemos escribir o título do diagrama).


Estaremos vendo algo similar a,

### Climograma




Temos que mellorar este gráfico, pois falta o eixo das temperaturas e modificar a súa escala.


Facemos dobre clic na parte branca do diagrama, e a continuación un só clic no gráfico propiamente. Desprazamos o cursor por riba do eixo Y, dereito, ata que se mostra, "Plano lateral del diagrama", e facemos clic co botón dereito.




No menú emerxente escollemos "Insertar/eliminar ejes...",




e seleccionamos en “Ejes secundarios” , “Eje Y”



O resultado neste momento é un novo eixo a dereita, pero que non mostra os valores de  $t^a$  media, senón os da chuvia repetidos. Temos que modificar isto.




Agora facemos dobre clic no diagrama, e movemos o cursor por riba do eixo Y secundario ata que se mostra “Eje Y secundario”, e facemos clic co botón secundario. Escollemos no menú emerxente “Formato de ejes....”




Na fiestra de Eje Y secundario,:


- En Máximo, desmarcamos Automático e introducimos o valor 25 (é como unha temperatura máxima no eixo)
- En Intervalo principal, desmarcamos Automático e introducimos o valor 5.




Este é o resultado,




O único que falta é asociar a liña vermella das temperaturas ao seu eixo Y dereito. Seleccionamos a liña roxa con un dobre clic e con un só clic co botón dereito despregamos o menú emerxente. Escollemos “Formato de serie de datos,



e na fiestra emerxente, marcamos “Eje Y secundario” e listo.



Resultado final:



Extraido de <https://aztlek.org/2013/07/22/como-hacer-algunos-graficos-avanzados-en-calc-de-libreoffice/>